



OS 21 DO GALO PIÑEIRO

ETAPA ARZÚA-O PINO (CAMIÑO DE SANTIAGO)

2 DE AGOSTO DO 2025

Outeiro do Castiñeiriño, 73 baixo A
Santiago de Compostela , 15702
649 988 388
sdcompostelatambrelenguelle@gmail.com

Artigo 1: Organización

A carreira “*Os 21 do Galo Piñeiro (etapa Arzúa-O Pino)*” organizada polo Concello do Pino e a Sociedade Deportiva Compostela Tambre Lengüelle e co control técnico da Delegación en Santiago de Compostela da Federación Galega de Atletismo, **terá lugar o sábado 2 de agosto a partir das 19:30 h da tarde nas distintas categorías.** A proba está suxeita ás seguintes normas.

Artigo 2: Participación

Na proba poderán participar atletas federados e non federados que correrán (estes últimos) coa licenza de día da Federación Galega de Atletismo.

Cada atleta participa baixo a súa responsabilidade entendendo que dispón dunha condición física suficiente para rematar a proba. A Organización ten subscrito un seguro colectivo de accidentes e responsabilidade civil. De todos os xeitos, a Organización recoméndalles aos participantes que, con anterioridade á proba, efectúen un recoñecemento médico específico e que realicen un adestramento axeitado para as características desta competición.

Artigo 3: Percorrido, categorías, distancias e horarios

1.- A proba da **media maratón (21 KM)** partirá ás **19:30 horas** ao carón da **Capela da Madanela (Concello de Arzúa)** <https://maps.app.goo.gl/yfP7TcFJc3NzFjiA6> seguindo a ruta do Camiño Francés.

2.- Haberá outra proba de **8 KM** que partirá ás **19:50 horas** do **Restaurante Mesón A'Esquipa** <https://maps.app.goo.gl/wjrHENPP6hwiwJfU8> seguindo a ruta do Camiño Francés.

4. Haberá tamén dúas probas para os rapaces e rapazas.

Proba de 3KM

Esta proba (para rapaces e rapazas de entre 13 a 15 anos) partirá ás 19:30 horas ao carón do Concello do Pino. Dando dúas voltas a un circuíto de 1,5 quilómetros.

Proba de 1,5 KM

Esta proba (para rapaces e rapazas de entre 10 a 12 anos) partirá ás 19:45 horas ao carón do Concello do Pino. Dando unha volta a un circuíto de 1,5 quilómetros.

5.- Prohíbese o acompañamento dos participantes e o uso de coches de apoio. O incumprimento desta norma implicará a inmediata descalificación dos corredores que a infrinxan. Os únicos vehículos autorizados que poderán seguir a proba serán os das forzas de seguridade e os de apoio a organización.

6.- A proba estará controlada polo Comité Galego de Xuíces, que establecerá os correspondentes controis ao longo do circuíto. A cronometraxe realizarase mediante o sistema de chips en todas as probas. Haberá puntos de control de chips ao longo do percorrido. As persoas participantes que non cumpran co paso por todos os puntos de control serán descalificadas.

7.- Categorías

21 KM - Establécense as seguintes categorías masculinas e femininas para as probas de 21KM

- Senior M/F de 18 anos cumpridos o día da proba ata master
- Máster 1 M/F de 35 a 44 anos cumpridos o día da proba
- Máster 2 M/F de 45 a 54 anos cumpridos o día da proba
- Máster 3 M/F de 55 e superiores
- Absoluta M/F Calquera das categorías anteriores

8KM - Establécense as seguintes categorías masculinas e femininas para as probas de 8KM

- SUB 18 M/F de 16 anos cumpridos o día da proba ata senior
- Senior M/F de 18 anos cumpridos o día da proba ata máster
- Máster 1 M/F de 35 a 44 anos cumpridos o día da proba
- Máster 2 M/F de 45 a 54 anos cumpridos o día da proba
- Máster 3 M/F de 55 e superiores
- Absoluta M/F Calquera das categorías anteriores

Categorías de competición probas de 3KM e 1,5 KM

- 3 KM M/F idades comprendidas entre os 13 e 15 (cumpridos o día da proba)
- 1,5 KM M/F idades comprendidas entre os 10 e os 12 anos (cumpridos o día da proba)

8.- Servizo de autobuses para as probas de 21KM e 8KM

Os autobuses partirán dende a zona de Meta (inmediacións do Concello do Pino) cunha frecuencia de 15 minutos **a partir das 18:00 horas para a carreira de 21KM e a partir das 18:30 horas para a carreira de 8KM** en dirección ás zona de saída das carreiras.

Para a carreira de 21KM a derradeira saída será ás 18:45 horas

Para a carreira de 8KM a derradeira saída será ás 19:15 horas

Artigo 4: Peche de control

O control de chegada do 21KM pecharase ás 22:00 horas. O control de chegada da carreira das 8KM pecharase ás 21:15 horas. Cando un participante exceda o tempo previsto de peche de control será avisado pola organización e deberá abandonar a proba coa fin de non entorpecer o desenvolvemento da propia actividade. No caso de continuar farao baixo a súa responsabilidade, debendo cumprir as normas e sinais de circulación, e considerárase un usuario máis da vía, quedando eximida a organización de toda responsabilidade do que puidese acontecer.

Artigo 5: Inscripcións

a) Realizarase en liña a través da pasarela de pagamento inserida na páxina web da Federación Galega de Atletismo www.carreirasgalegas.com.

b) Cota e prazos de inscrición:

Prazo ordinario: ata o 30 de xullo ás 23:59 horas na proba de 21KM será de: 15 €

Prazo ordinario: ata o 30 de xullo ás 23:59 horas na proba de 8KM será de: 7 €

Prazo ordinario: ata o 30 de xullo ás 23:59 horas na proba de 3KM será de: 2 €

Prazo ordinario: ata o 30 de xullo ás 23:59 horas na proba de 1,5KM será de: 2 €

Artigo 6: Retirada de Dorsais

A entrega de dorsais realizarase o **propio día 2 de agosto a partir das 17:00**, na liña de meta ao carón do Concello do Pino, **ata as 18:00 horas para a proba de 21KM e as 18:30 horas para a proba de 8KM.**

Para as probas de 3KM e 1,5KM os dorsais entregaranse de 18:00 horas a 19:00 horas.

A organización non se fai responsable das consecuencias derivadas dunha inscrición defectuosa ou errónea por parte dos corredores ou a persoa na que deleguen.

Artigo 7: Premios individuais e a clubs

A entrega de premios celebrarase na zona de meta a partir das 22:00 horas aproximadamente.

1.- A organización premiará cun trofeo aos tres primeiros clasificados masculinos e femininos da clasificación absoluta tanto da 21KM como da 8KM.

2.- A organización premiará cos seguintes premios económicos aos tres primeiros clasificados masculinos e femininos da clasificación absoluta da 21KM:

1ª/º – 100 €

2ª/º – 75 €

3ª/º – 50 €

3.- Os tres primeiros/as das restantes categorías tanto da 21KM como da 8KM recibirán un agasallo.

4.- As categorías inferiores de 3KM e 1,5KM recibirán unha medalla na súa entrada en meta.

5.- Premios a clubs

Daranse premios económicos a clubs federados. Para que un equipo teña clasificación terán que rematar a proba como mínimo 4 corredores na 21KM e 4 corredores na 8KM do mesmo club. Os clubs poderán ser mixtos.

Os premios serán aboados a través de transferencia bancaria debendo facilitar os datos bancarios tanto os atletas como os equipos.

Así mesmo, no caso de empate será vencedor o equipo que chegase de primeiro no quinto posto da carreira de 21KM.

1º club: trofeo e premio económico de 100 €

2º club: trofeo e premio económico de 75 €

3º club: trofeo e premio económico de 50 €

Os premios non serán acumulativos.

Artigo 8: Seguro

Todos os participantes estarán amparados por una póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba.

Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo.

Artigo 9: Condicións de Participación

1.- Coa inscrición na proba enténdense aceptadas todas as normas e demais consideracións reflectidas neste regulamento. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico; Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse á organización, patrocinadores comerciais ou *sponsors*, empregados e demais organizadores.

2.- No caso de que xurda algunha dúbida ou discrepancia acerca do regulamento, a decisión quedará en mans da organización.

3.- A proba estará controlada pola Federación Galega de Atletismo, e estarán capacitados para descalificar a calquera atleta que incumpra o regulamento.

Serán motivo de descalificación, entre outros, os seguintes aspectos:

- Non respectar as indicacións dadas pola organización.
- Non realizar todo o circuío da carreira.
- Non levar o dorsal ou a manipulación do mesmo.

- Falsificar datos persoais ou correr co dorsal de outra persoa.
- Os corredores non deben ocupar a estrada en ningún momento e deben cumprir a sinalización dos organizadores, prestando especial atención nas zonas urbanas, onde deben ir pola beirarrúa segundo as indicacións dos organizadores, non ocupando a estrada nacional en ningún momento.

4.- As **clasificacións e reclamacións** publicaranse na páxina web www.carreirasgalegas.com. ***As reclamacións aos resultados oficiais deberán formularse verbalmente ao xuíz árbitro da competición non máis tarde de 30 minutos dende a publicación dos mesmos.***

5.- Discapacidade visual.

Todos os atletas con discapacidade visual deberán obrigatoriamente participar cun guía.

Se algún atleta con discapacidade visual non ten guía, a organización non permitirá participar na proba, por motivos de seguridade.

Cando o corredor con discapacidade visual cruce a liña de chegada o guía deberá estar por detrás del.

6.- A organización poderá modificar este regulamento ou o circuíto polo que discorrerá a carreira sen aviso previo. Así mesmo, resérvase a facultade de decidir sobre calquera circunstancia ou aspecto que non se considere neste regulamento.

7.- Ao se inscribiren, todos os corredores aceptan a publicación do seu nome e a súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación ou en internet. De igual maneira, mediante a inscrición o/a corredor/a consente expresamente que os seus datos sexan empregados pola organización para comunicacións respecto da súa actividade.

En calquera caso, tal e como establece a Lei de protección de datos de carácter persoal, as persoas interesadas poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición

Dado que esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso, e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Praza Agustín Díaz s/n - 15008 A Coruña.

Todo o non disposto neste regulamento rexerase polas normas de Competición da FGA, RFEA e WA para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores.

Artigo 10: Servizos para os participantes

1.- Os participantes terán servizo de gardarroupa na saída da proba de 21KM e 8KM respectivamente e poderán recoller as súas pertencencias na chegada a meta. Tamén haberá servizo de duchas preto da zona de meta (haberá carteis e anunciarase por megafonía o lugar exacto das mesmas).

2.- **Avituallamentos:**

21KM: Líquido en quilómetro 5; Sólido e líquido no quilómetro 10; Líquido no quilómetro 15; Sólido e líquido en meta

8KM: Líquido quilómetro 4 aproximadamente; sólido e líquido en meta.

3.- A proba dispoñerá dos servizos médicos recomendados pola FGA e de acordo coa lexislación vixente, así como de ambulancia.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consinte expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licencia de día de ránking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a Lei de Protección de datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Praza Agustín Díaz, s/n. 15008. A Coruña.